

ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2022-2023

A Admisión do alumnado neste Centro para o curso 2022-23 axustarase á lexislación e proceso que se indica:

1.- NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG 11/02/2022)
- Orde do 12 de marzo de 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros sustentados con fondos públicos (DOG 15/03/2013).
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola se modifica a Orde de 12 de marzo de 2013. (DOG 01/02/17).
- Orde do 18 de decembro de 2020 pola se modifica a Orde de 12 de marzo de 2013 (DOG 22/12/20).
- Instrucións da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2.- OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPOÑIBLES:

Cursos de Educación Infantil		Cursos de Educación Primaria	
Postos escolares dispoñibles	(1)	Postos escolares dispoñibles	(1)
Cuarto (3 anos)..... 44	6	Primeiro..... 0	0
Quinto (4 anos)..... 0	0	Segundo..... 0	0
Sexto (5 anos)..... 0	0	Terceiro..... 0	0
		Cuarto 1	0
		Quinto 1	0
		Sexto 0	0

(1) Postos escolares a disposición da comisión de escolarización para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (art. 3 da Orde do 12 de marzo de 2013, DOG do 15)

3.- ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO

A área de influencia deste Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio ou do centro de traballo, é a que figura no mapa de zonas educativas proporcionado polo Concello. Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria o Centro está adscrito ao IES Monte das Moas

4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de admisión presentaránse mediante o formulario normalizado a través da aplicación de xestión do proceso “admissionalumnado”- <https://www.edu.xunta.es/admissionalumnado/>. Tamén poden recollerse no Centro as solicitudes e presentalas na Secretaría no horario establecido (recoller en

conserxería ou descargar da web). O prazo de presentación das solicitudes abrangue **do 1 ata o 21 de marzo**, e deben acompañarse do documento acreditativo de idade do-a alumno-a. (libro de familia).

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación **serán necesarios cando o número de solicitudes supere ao de prazas ofertadas e, cando non se autorizase na solicitude, a consulta automática dos datos**. A non presentación e non autorizar a consulta automática, suporá a renuncia explícita a ser baremado nos criterios correspondentes. **O prazo de presentación desta documentación será do 24 de marzo ao 8 de abril.**

5.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DO ALUMNADO ADMITIDO

- **Antes do 26 de abril:** Publicación da resolución **provisional** de admitidos e non admitidos. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o Consello Escolar do Centro no prazo de cinco días hábiles.

- **Antes do 15 de maio:** Publicación da resolución **definitiva** de admitidos e non admitidos. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o responsable da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes.

6.- PRAZO PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O alumnado admitido no Centro deberá formalizar a súa matrícula na Secretaría do Centro, **do 20 ao 30 de xuño**. Se finalizado o prazo de matrícula non se tivese formalizado esta, decaerá o dereito á praza obtida.

7.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO COLEXIO

- **Madrugadores**

Entre as 7,30h e as 9h. Xestionado pola ANPA do Colexio

- **Comedor**

Entre as 14h e as 16h. Xestionado pola ANPA do Colexio

- **Actividades Extraescolares**

Entre as 16h e as 18h ou 19h. Xestionadas e organizadas pola ANPA (981139980)

- **Transporte escolar adaptado**

Únicamente para o alumnado de NEE e o dereito de uso de servizo recoñecido.

INFORMACIÓN IMPORTANTE

A solicitude será única e vinculante, poderá conter ata seis centros, por orde de preferencia, e presentarse no centro indicado en primeiro lugar. Estará asinada por calquera dos titulares da patria potestade. No **caso de separación ou divorcio**, será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude de admisión a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

A Coruña, 24 de febreiro de 2022

O Secretario

Vto. e Prace.

O Director

Asdo.: Antonio Mandiá Sánchez

Asdo.: Juan Francisco Vicente González